

Antes de las preguntas me vendrían bien algunos datos referentes a tu biografía personal y profesional. Ya sabes, lugar de nacimiento, edad, profesión... Parecen chorradas pero ayudan siempre a contextualizar otras cosas

Nacín en Pobra de Trives, no sureste da provincia de Ourense, teño 31 anos e traballo co audio dende fai uns anos, esta é a miña única ocupación. Defendo o desarraigo, aínda que teño claro que para ser orixinal debes buscar nas tuas orixes. O pensamento único e localista é un enemigo para os artistas que queren expresarse co audio, que é un ben universal coa peculiaridade de encher todos os espacios posibles. O goberno actual, tanto o central como o autónomo, reducen as posibilidades de desenrolo social e humano, imprescindibles para a liberdade da alma, única vía da madurez dunha sociedade. Evidentemente són de esquerdas e recentemente pechei a porta á dereita, fíxeno renunciando a un emprego fixo (oposición) no que as liberdades de expresión non tiñan cabida.

¿Cómo empieza tu interés por la música electrónica?

O meu interés pola música electrónica nace na pasada década, concretamente na visita ó Festival ArtFutura, na súa segunda edición. Foi no ano 94, xa levaba uns anos consumindo este tipo de música e neste evento decidín pasar de usuario a creador. Sentín a necesidade de facerme con máquinas e demais cacharros para producir sons e disfrutar deles. Nese ano tamén me conectei a internet, unha linguaxe de comunicación moi relacionada coa explosión social que produxo a música electrónica.

¿De dónde, cuándo y cómo surge SINSALaudio?

SINSALaudio é o resultado lóxico do traballo de cinco persoas no mundo da música electrónica. Por unha banda o Clube Vademecwm que xa leva oito anos programando música de vangarda na cidade, noutra banda Moli&Chiu, teóricos, deseñadores e promotores de ideas, e na última banda dous amantes da música, Victor Flores, deiota e xornalista de profesión, hoxe encargado de dirixir a tenda de discos e Luis Sensal, un devorador de música e eixo principal no concepto da tenda. Todos coincidíamos en eventos, concertos e sobre todo ideas e intencións, así que crear a empresa foi moi sinxelo. Así naceu SINSALaudio no ano 99, en Vigo. Hoxe ten cinco tentáculos: o clube Vademecwm, a productora de eventos, o selo discográfico, o programa de radio e a célula de produción sonora.

Parece que hay conflicto en torno a la definición de música electrónica, ya que unos lo identifican con los discjokeys y otros, quizá más puristas, lo relacionan con artistas en la línea planeadora. ¿Podrías darme tu propia definición de música electrónica?; ¿O al menos un elemento que diferencie ambas vertientes?

Falar de "música electrónica" é reducir considerablemente as posibilidades e sobre todo o potencial de moitos estilos musicais que cada día aparecen na escea musical. Moitos músicos (clásicos no mundo da "música pop electrónica", como Kraftwerk) definiron a música electrónica como "aquela música que se fai con aparatos electrónicos utilizando sons sintéticos e actitudes futuristas", esta mesma definición foi defendida uns anos antes por artistas pioneiros das vangardas históricas ligadas o mundo do audio, como Stockhausen dende Alemania e Pierre Schaeffer ou Francois Bayle dende Francia. Hoxe non podemos aceptar esta definición para falar deste xénero, porque, por poñer un exemplo, o disco de Rosa de Operación Triunfo está producido na súa totalidade por Software e Hardware avanzado, incluso o tratamento da voz. A maioría do tempo adicado a este disco pasouse diante dun ordenador. Eu entendo a necesidade que temos de definir os estilos e darlle un nome, sobre todo para poder falar deles e entenderse, pero hoxe, tal como están evolucionando as cousas, xa non podemos agrupar certas propostas dentro dun xénero en concreto, podemos falar de boa ou mala música, de música que é capaz de transmitir emocións e de música alienada e pobre en ideas. Si les as revistas de tendencias, daraste conta que volve o Rock, o seu son e a súa actitude, un pouco para votarlle en cara á "música electrónica" a frialdade e falla de teatralidade na posta en escea. Os discjokeys tamén poden facer música persoal combinando sons de outros artistas, por outro lado está a súa funcionalidade, que tamén é moi importante.

¿Cómo percibes el panorama de esta música a nivel nacional?; ¿Y en Galicia?

A nivel nacional están ocurriendo poucas cousas, destacaría as edicións do casi recién estreado Fohen Records, dende a cidade Condal, teñen na súa carteira porpostas como Balago ou os galegos Apeiron, un trio de xóvenes ourensás (teñen menos de vinte anos) que ofrecen unha mestura de pop e electrónica, un pouco existencialista, pero moi

interesante e cun futuro prometedor. Non debemos olvidar que dende Galicia, concretamente dende Pontevedra, ofrecese o festival IFI, un encontro de Arte Sonoro e Videocreación que tenta formar parte do circuito nacional de festivais de experimentación sonora, como Zeppelin, Observatori, Situaciones ou LEM, no que SINSALaudio ten moito que ver, por non dicir exactamente un 50%. Este festival é heredeiro das teorías que expuseron en Galicia exposicións como Lost In Sound no CGAC (Manuel Olveira) ou NOVOS CAMIÑOS ameazas e promesas da arte electrónica, na Casa das Artes viguesa. En canto a artistas sonoros e visuais, destacar o traballo de Silvia Arguello, Berio Molina (FLEXO) e o colectivo Input Select. Do Pop, é importante o traballo de Dar Ful Ful para o selo Jabalina e as producións de Humanoid (Arturo Vaquero) dende Lugo.

¿Qué se ha conseguido para los aficionados y creadores de música electrónica desde la creación de SINSALaudio?

O máis evidente é a posibilidade de conseguir discos e traballos noutros formatos que antes de SINSALaudio non era posible atopar na cidade nin en Galicia. Por outro lado, SINSALaudio naceu asociada a unha das produtoras máis importantes de Portugal, Materia Prima, formando ese eixo atlántico do que tanto se fala. Esta asociación achegou a Vigo a posibilidade de contar cos directos de moitos artistas de talla internacional, e así foi e así está sendo. Por outro lado SINSALaudio ten un programa de radio semanal no que se presentan traballos recentes e retransmítense concertos grabados no Clube Vademecwm, tamén asociado a SINSALaudio. SINSALaudio é unha célula de produción sonora que pronto editará música local (selo discográfico) e no momento que sexa posible, creará un taller de experimentación de Audio para nenos onde a finalidade principal sexa o achegamento á ferramenta máis complexa do presente, o Audio, que non a música.

¿Cómo percibes la relación directa que, desde los medios, se establece entre la música electrónica y las drogas?;

¿Es inevitable que las drogas de diseño entren en estos ámbitos?; ¿Crees que hay algún interés en ocultar la presencia de drogas en otros ámbitos musicales y artísticos?

As drogas sempre acompañaron os humanos na súa evolución, están ahí e, aínda que moitos estamentos pensen ou queiran pensar que apenas existen, é unha realidade palpable e evidente. A asociación de certas drogas con certas músicas tampoco é unha casualidade. Existe unha sinerxia entre certos sons e certos efectos dalgunhas drogas, pero esta asociación é extrapolable a calquera música ou actividade lúdica; si certas drogas aumentan a capacidade de percepción, é lóxico que a música máis primitiva e baseada no ritmo puro entre por esa porta. As drogas son moi perigosas e abren portas que despois non é posible pechar, é moi difícil controlalas, e coñezo moitos casos cercanos nos que houbo unha destrución total do ser social, casi irreversible, así que non me queda máis opción que defender o "Non Uso" das drogas sintéticas no disfrute da música. Por outro lado, os maiores especialistas e amantas das novas músicas que coñezo nunca probaron as drogas.

¿Qué actividades prevé SINSALaudio para el futuro?; ¿Y tú en tu carrera profesional?

Os plans máis inmediatos do colectivo son a creación do selo discográfico, coa edición dalgún traballo galego, posiblemente un disco do taller de Free-Audio SINSAL, un single de LONGINAaudioperformer e de MINÚSCULO ou un recopilatorio de traballos galegos, esta opción é posiblemente a que fagamos. Tamén falamos de editar un DVD con traballos visuais de artistas asociados ó festival IFI, temos material suficiente para encher un DVD e sería unha pena que non saíra.

Respecto á miña carreira persoal, estou no carto curso de Historia e Ciencias da Música (Musicoloxía), unha formación clásica que necesito para poder contrastar a evolución da música. Xa empezei cos traballos da segunda edición do Festival IFI e como músico tocarei proximamente en Barcelona no festival LEM, tamén preparo unha exposición que todavía non foi demandada e preparo o curso de Audio que darei o ano que ven na facultade de Belas Artes.

Laura F. (Agencia F)